

Limiar plural

Non me podou negar a escribir o limiar que me solicita o profesor Fernández Castro. Débolle unha. Fun eu quen lle encargou esta peza, *Misterio en Guernica*. El cumpriu. Tócame corresponder.

Levo algúns anos dinamizando as actividades escénicas no ensino secundario en Miño. Empecei polas lecturas dramatizadas con textos de Rafael Dieste, Manuel Núñez Singala, Ánxel Fole e Miguel Anxo Murado. Logo enredei os profesores de galego, Xosé Manuel Fernández, e de plástica, Antón Prego, para facermos, en bonecos de culler, unhas teatralizacións d'*O valente soldadiño de chumbo* e *O traxe novo do emperador*. Levámolas á campaña “Entre nós, en galego” introducindo unha banda sonora que nos prepararon os profesores de música, Gelu Mediavilla e Patricia Cubillo. Tamén se enrolou na navegación Juan Fachal coa caixa de ferramentas sempre preparada. Todos descubrimos o poder civilizador do teatro: o alumnado, as familias, os veciños, o persoal do centro...

Durante o seguinte curso empezamos a investigar co papel maché e os bonecos de luva e tamén con músicas coñecidas ás que se lles mudaba a letra e se tocaban e cantaban en directo. Nestas andabamos cando o do “Prestige”. Naceu así *Foi Caralampia. Hally Potte ou o segredo da pedra líquida*, montaxe retranqueira –a culpa tíña unha serea– que levou unha distinción no derradeiro certame galego de Teatro e Xuventude. Contamos aquí coa colaboración da dirección do centro, nomeadamente de Xosé Manuel Espiñeira e de

Jesús Rodríguez Lamela que nos deron cobertura electrónica e infográfica, e tamén se interesaron polo proxecto a orientadora, Toñi Fernández Pena, e a profesora de francés, Carmen Presedo. Acababa de nacer a Monifactoría de Miño.

O ano seguinte tratamos de crebar novas barreiras. No canto dos bonecos de luva pensados para auditorios íntimos, atopamos o modelo xaponés do “bunraku” e creamos a nosa propia versión, o “miñaco”. Ana Fernández fíxose cargo da agulla e o fío. Tamén redeseñamos o modelo de música; empezamos a secuenciar éxitos do pop que nos permitían xogar a algo parecido ao karaoke. Tras un contacto fugaz con Manuel Lourenzo planificamos un proxecto de relectura da materia troiana para tratar as manipulacións prebélicas. Estreamos *Que arda Troia!* Fran Costoya incorporouse ao equipo como preparador físico no traballo de manipulación de bonecos. A esta altura Javier Pintor, do Centro de Formación do Profesorado da Coruña, xa se implicara na nosa iniciativa proporcionándonos cobertura administrativa, a dun Seminario Permanente. Viñamos de inventar un concepto didáctico inspirado na idea dos contidos transversais, o teatro podía introducirse no currículo como “materia transversal” sempre e cando nun centro se xuntase un “niño de artistas” que ollasen con simpatía as “misións pedagóxicas”.

No curso académico 2004-2005, baixo o mesmo formato e a partir dunha interpretación “teolóxica” do Guernica de Pablo Ruíz Picasso, propuxémonos este *Misterio en Guernica*. Introduciuse como novidade a danza dos actores, dimensión posíbel grazas á profesora de matemáticas e adestradora de ximnasia rítmica Rosa Sierra. A iniciativa medrou exponencialmente. Naceu o Instituto Teatral de Miño, ITEM, composto por dous Grupos de Traballo que tamén crearon outro proxecto teatral para primaria, *Santiños de pau* –Ricardo Prado, Isabel Rodríguez Cid e Antón Rey–, e incorporaron a actividade escénica declamatoria e de contacontos, a festa da lingua, impulsada de vello por José Luis Graña Muíño, Carme Sánchez Castro e Edita Nogueira.

Non hai espazo material para citar aquí os varios centos de alumnos e alumnas que puxeron toda a carne no asador dos focos escénicos. Hai ben deles agora nas universidades cursando estudos tan dispares como a Enxeñaría ou a Filoloxía. Por veces

coincido con algún á entrada dun teatro e prodúcese entón un cómplice sorriso impagábel.

Non cabe publicar unha análise do texto. Cada un ao seu. Resérvese esa tarefa a críticos e investigadores. Entre tanto que cadaquén entenda o que queira.

Pepes

Figuras

LEÓN BLUM.– Galán francés por orixe. Non é o célebre político senón alguén que o sufriu.

FLOR.– Dama no tempo de ir para nai.

SUSÍN.– Meniño de teta. Ars longa, vita brevis.

NEVES.– Asturiana casada en Lugo e viúva de paredón. Ten unha bolsa de alfaias.

SOCORRO.– A que xermola na néboa cántabra do río Nansa. Sabe de herbas aromáticas e cosmética.

AGIÑE.– Anfitroia vasca e euscalduna. Ten aire de meiga curandeira.

XILDAS.– Cabalo bo para canear o que lle boten.

ONÉSIMO.– Touro de lidia por caste e desertor de Badaxoz por clarividencia.

CONRADO.– Heraldo épico directamente ave.

I. CONCEPCIÓN

Nun alpendre. Noite. Flor despluma unha pita.

FLOR.– O queixo!

Deixa a galiña a medias e vai dar volta ao que se supón queixo en pano. Chega Conrado que se empoleira a observar. Flor remata co queixo e volve á pita. Cada pluma que arrinca provoca un laio en Conrado.

Por detrás de Flor achégase discretamente León que colle a muller polo van ao tempo que lle fala para que non se sobresalte.

LEÓN.– Son eu, non teñas medo. Nunca che faría mal ningún.

FLOR.– Que neno es! Non ves que os sustos non son bos?

LEÓN.– Tiña entendido que son moi excitantes.

FLOR.– (*Desprezativa.*) Ti si que es excitante!

LEÓN.– (*Desatendendo o ton dela.*) Moi amábel. Iso significa que esta noite teño posibilidades contigo?

(...)

LEÓN.– Está a mesa da cea ateigada de convidados e ti aquí, no alpendre, desplumando unha pita... e preparando un queixo.

FLOR.– Xa sabes que é algo superior a min, o cordeiro non me entra. O corpo non mo tolera.

LEÓN.– Pero é a tradición: año polo Apóstolo para homenaxear o patrón da parroquia.

FLOR.– Cando vivían os meus pais xa se celebraba con año o día da festa.

LEÓN.– Están todos os parentes de San Miguel arriba ceando. O teu comportamento non é o propio dunha “boa anfitrioa”.

(...)

FLOR.– Realmente queres que nos sumemos aos do comedor?
Cando sentín as túas mans no meu cós pensei que buscabas
outra cousa...

LEÓN.– Esta roupa cheira a galiña fervida. Por que non te
cambias?

FLOR.– Queres que poña outra roupa ou desexas que quite esta?
(...) Para mudarme teño que pasar pola alcoba.

LEÓN.– Non vou deixar que vaias soa, igual te perdes.
Acompáñote.

FLOR.– Ti si que non te perdes. Non preciso axuda para espirme.

LEÓN.– Desprezas a axuda? Unha colaboración nunca vén mal.

FLOR.– (*Seria.*) Advírtocho, hoxe é unha data de risco total. Xa
sabes a que me refiro.

LEÓN.– (*Asumíndoo.*) Unha data de risco.

FLOR.– Ti decides. Quéresme, non me queres, quéresme, non me
queres. Esfolla a margarida.

LEÓN.– Eu estou plenamente decidido.

[GRACE JONES, *La vie en rose*]
(*Ad libitum*)

“Eu son León e voute-amar,
o príncipe-aquel, o de-azul,
un soño de teu”. León Blum
viroume-a pel con falar.

Tras collerme por detrás
Quedei nas súas mans
Enteira conquistoume.

Viu en min o ceu azul,
A luz propia do sur
E despois deixoume-un “voume”.

“Esta vez marchou, meu ben
mais logo volverei
agarda, miña Flor”.

“Au revoir La France”.
E viñeches aquí;
Estás por min
e-eu estouche por ti.

Até-a fin eu voute amar,
Só penso-en te-abrazar
Até-o final.

*Flor comeza a camiñar diante. León belíscalle unha nádega.
Conrado gralla.*

Flor e León ollan para a ave sen entenderen nada.

FLOR.– E os convidados?

LEÓN.– Que esperen sentados.

II. DECISIÓN

No mesmo alpendre. Conrado continúa empoleirado observando. Entra Flor con lenzos de cama para deixalos a secar. Cantaruxa. Ao cabo incorpórase León que trae un queixo fresco entre mans.

LEÓN.– Mira o que aquí traio.

FLOR.– O que?

LEÓN.– O queixo fresco do día da festa cando te collín por detrás.

FLOR.– Colliches, e mais ben, listo. É que non lle vas dar tempo a curar?

LEÓN.– Traballo feito non corre présa.

León corta un anaco e métello na boca á muller que non para coa súa tarefa de colgar a roupa.

LEÓN.– Que tes? Nótote distinta. Estás resplandecente.

FLOR.– (*Mecosa*) Normalmente non che parezo tan guapa, logo?

LEÓN.– Non é iso... Non sei explicarme... É coma se tiveses unha luz dentro...

FLOR.– Agradécese o cumprido. Se é un cumprido, claro.

LEÓN.– Non é un cumprido, é verdade... (...) Boh, déixao. Axudo?

FLOR.– Colle por aí.

Entre os dous estiran a saba. Tras dela aparece por sorpresa Neves. León e Flor levan un bo susto.

FLOR.– Neves!

LEÓN.– Que sorpresa!

FLOR.– Que pasa?

LEÓN.– Que te trae por Reinante desde Lugo?

FLOR.– Tes mala cara.

LEÓN.– E Antonio?

Ao escoitar ese nome, a Neves rómpenselle os nervios e bota a chorar.

[BEYONCÉ, *Crazy in love*]

LEÓN.–

Di
do triste solpor,
pois matároncho, a el, non?
Muller, di.

NEVES.–

Direicho.
Fuxín, fuxín, fuxín de Lugo. Fuxín, fuxín, fuxín de Lugo.
Fuxín, fuxín, fuxín de Lugo. Fuxín, fuxín, fuxín de Lugo.

LEÓN.–

Si, conta o sucedido.
Lembra... o triste solpor.

NEVES.–

Saín da cidade ao solpor
murallas ignorantes do-horror.
Unha forza-oculta púxome-a-andar
non podía pensar só camiñar.
Máis adiante veume-a luz, lucidez,
quixen recordar o home que tanto-amei.
Só un tiro letal
un tiro, unha sombra, un final.

Un disparo no seu corazón, solpor,
un disparo no seu corazón, amor,
un disparo no seu corazón, oh non,
un disparo no seu corazón, oh non,
foi un tiro no meu corazón, fuxín,
foi un tiro no meu corazón,
fuxo do triste solpor
vou ao leste, vou ao leste do triste solpor. Fuxín, fuxín, fuxín
de Lugo...

Flor e León acompañana a unha cadeira na que a sentan e agardan a que se recompoña.

NEVES.– Matáronmo. Os alzados levárono á tapia do cemiterio e alí... pum, pum. Eu conseguín fuxir. A outras mulleres de republicanos cazáronas e rapáronas coma a bestas. A min non. Collín catro cousas e boteime aos camiños.

LEÓN.– Desde Lugo vés camiñando?

NEVES.– (*Sen darlle importancia.*) Día e noite. Nin a durmir parei.

FLOR.– Estarás morta.

Neves rompe a chorar.

LEÓN.– Vouche preparar unha cama para que descanses.

NEVES.– Non.

FLOR.– Precisas descansar.

NEVES.– Marcho. Teño que saír do país. En Lugo están preparando unha columna de soldados para atravesar Asturias. Veñen cara a aquí. Se me collen estou perdida.

LEÓN.– Veñen cara a aquí os sublevados?

FLOR.– Na nosa casa ninguén che fará mal.

NEVES.– Non podo perder tempo. Debo chegar a Francia o antes posíbel.

LEÓN.– O que eu non daría por estar agora alá, lonxe destas batallas.

(...)

NEVES.– (*Buscando falar con frivolidade.*) Cando entraba, saudei os vosos veciños, os da casa de abaixo.

LEÓN.– (*Alarmado.*) Coñecéronte?

NEVES.– Como non me ían coñecer? Antonio e mais eu levabamos moitos anos veraneando aquí, así que...

FLOR.– Agora son falanxistas.

NEVES.– Falanxistas!

(...)

LEÓN.– Coido que imos marchar contigo.

FLOR.– Estaremos máis seguros polos camiños que aquí...

NEVES.– Maldita a hora na que se me ocorreu entrar hoxe na vosa casa.

FLOR.– Non te sintas culpábel. Ti que sabías? Ademais, a León apetecíalle moito volver a Francia.

LEÓN.– Aínda teño familia aló. Axudarannos a empezar outra vez unha nova vida.

Flor abrázase ás sabas e aspira a fondo o seu recendo.